

MEMORIA DE ACTIVIDADES

2022

INSTITUTO DA LINGUA GALEGA



Edita

Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Praza da Universidade, 4
15782 Santiago de Compostela (A Coruña)

Correo electrónico: ilgsec@usc.gal

Páxina web: <http://ilg.usc.gal/>

Teléfonos

+34 8818 12815

+34 8818 12802

Fax +34 81572770

Maquetaxe

Marta Negro Romero

A portada foi elaborada a partir dun deseño de Canva

Universidade de Santiago de Compostela, abril de 2023

ÍNDICE

LIMIAR	6
ORGANIGRAMA.....	7
Persoal docente e investigador adscrito	7
Persoal investigador Margarita Salas	7
Persoal investigador María Zambrano	7
Persoal investigador predoutoral	7
Persoal investigador en formación.....	8
Persoal de apoio	8
Persoal de administración e servizos	8
Investigadores <i>ad honorem</i>	8
Colaboradores e colaboradoras externos/as	8
Alumnado en prácticas no ILG.....	8
Comisión permanente	8
Consello científico	8
Xunta de goberno.....	8
Comisión asesora externa	8
RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN.....	8
A. Proxectos promovidos no seo do ILG	8
A. Dialectoloxía e xeografía lingüística galego e do portugués... 8	8
B. Galego-portugués	14
C. Onomástica	20
D. Corpora de lingua actual	22
E. Gramática.....	26
F. Sociolingüística.....	27
G. Lexicografía	31
H. Tecnoloxías lingüísticas.....	32

I.	Edición e cultura impresa.....	36
J.	Participación cidadá	38
K.	Ensino de lingua.....	39
B.	Proxectos promovidos por outras institucións	40
ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS, ENCONTROS LINGÜÍSTICOS E OUTRAS ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN.....		42
A.	Conferencias organizadas no ILG	42
B.	Cursos de formación.....	42
C.	Seminario <i>violencia simbólica e represión</i>	43
D.	Seminarios de Gerardo Sierra Martínez (UNAM).....	43
E.	Seminario sobre as lingua indíxenas do Brasil.....	43
F.	<i>I Xornadas Vasco-Galegas de Lexicografía</i>	43
G.	<i>LingüísticaMente II: Diálogos entre a lingüística, a psicoloxía e a psicolingüística</i>	44
H.	<i>I Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico</i>	44
I.	<i>V Xornadas de Lingua e Literatura Galegas no Ensino</i>	44
J.	Simposio ILG 2022	45
K.	Xornada de presentación do Proxecto Nós.....	46
A ACTIVIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR.....		47
A.	Conferencias, comunicacións e pósters en congresos e encontros científicos	47
B.	Cursos e seminarios.....	53
C.	Comités científicos e de redacción de revistas e coleccións	54
D.	Publicacións e recursos dixitais.....	57
	D1. Publicacións do ILG	57
	D2. Recursos dixitais.....	58
	D3. Publicacións de persoal do ILG.....	58
	Capítulos de libro.....	58
	Libros	60

Artigos en revistas	61
Edición de números especiais de revistas	62
Recensións.....	62
Artigos na prensa ou en blogs	62
Traducións	63
E. Teses en curso	63
F. Teses defendidas	63
G. Contratos posdoutorais.....	64
H. Contratos predoutorais	64
I. Bolsas de iniciación á investigación.....	64
L. Visitas de investigación	64
M. Participación na organización de actividades académicas e científicas	
64	
N. Actividades relacionadas co ensino medio	66
N1. Charlas do Programa A Ponte entre o ensino medio e a USC	66
N2. Participación no Plan Proxecta da Xunta De Galicia	66
N3. Visitas ao ILG de centros de ensino	66
CONVENIOS, PARTICIPACIÓN EN ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN, CONTRIBUCIÓN INSTITUCIONAL E PREMIOS	67
Convenios	67
Participación en estruturas de investigación	68
Contribución institucional: organizacións sociais, académicas...	68
Premios e recoñecementos.....	70
COLABORACIÓN.....	71
RESUMO ECONÓMICO	72
INDICADORES DESTACADOS DOS ÚLTIMOS 5 ANOS.....	72
INDICADORES DE INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN RESPONSABLE (IRR)	76
CONSULTAS DA PÁGINA WEB E DOS RECURSOS DO ILG	78

A memoria das actividades desenvolvidas polo Instituto da Lingua Galega durante o ano 2022, que agora presentamos ante a Xunta de Goberno da Universidade, foi aprobada polo Consello Científico do Instituto da Lingua Galega (ILG) na reunión celebrada o pasado 26 de abril de 2023 e pola súa Xunta de Goberno na reunión celebrada o día 23 de maio de 2023. Damos cumprimento, así, ao establecido no regulamento de réxime interno do ILG e mais nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, e tamén ao desexo de transparencia e á responsabilidade social deste Instituto.

Neste ano 2022 o ILG recuperou, finalmente, a normalidade no seu funcionamento e nas súas actividades, despois do período en que se viron afectadas pola pandemia. Desta maneira, volveron a realizarse cursos de formación de metodoloxías e recursos para a investigación en lingüística, seminarios impartidos tanto por profesorado da USC coma por profesorado visitante, xornadas, así como o habitual simposio anual do ILG, que este ano tratou sobre a *Edición dixital de textos antigos* e que contou coa participación de prominentes persoas investigadoras de universidades do Porto, Coimbra, Columbia Británica, Alcalá, Birmingham, Complutense de Madrid, Valladolid, Neuchâtel, Lisboa e Minho, ademais das tres universidades galegas e doutros centros de investigación. Dentro das xornadas, quero destacar a continuación da colaboración co Grupo de Procesos Cognitivos e Conduta, da Facultade de Psicoloxía da USC, coa realización da segunda edición do encontro *LingüísticaMente II: diálogos entre a lingüística, a psicoloxía e a psicolinguística*, como mostra da continuidade do traballo interdisciplinario con grupos doutras áreas de coñecemento, así como a *I Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico*, organizada conxuntamente co Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro e que terá continuidade en anos sucesivos, como mostra do traballo de colaboración con outras universidades, e de maneira especial con universidades do ámbito portugués e lusófono. Ao mesmo tempo, continuouse coa investigación con avances significativos en diferentes proxectos, como se recolle en detalle na memoria; continuouse coa publicación de artigos e de capítulos de libro en editoras especializadas de referencia, coa publicación do número 14 da revista do ILG, *Estudos de Lingüística Galega*, así como coa publicación e actualización de diferentes recursos en liña.

Neste ano 2022 levouse a cabo a elaboración dun Plan Estratéxico, que se rematou xa no ano 2023 e que foi aprobado conxuntamente con esta memoria pola Xunta de Goberno do ILG o día ** de maio de 2023, como parte do procedemento para a tramitación da aprobación de centros e institutos de investigación do SUG (Orde do 26 de marzo de 2021, DOG do 13 de abril de 2021). O proceso de elaboración deste Plan Estratéxico permitiu culminar un proceso de reorganización das liñas de investigación do ILG, que se viña promovendo nos últimos anos e que deberá ser implantada de maneira efectiva nos anos vindeiros. Supón, por tanto, un punto de inflexión relevante na traxectoria deste Instituto, que conta xa con 52 anos de vida. Durante este xa longo percorrido, como tivemos ocasión de rememorar con motivo da celebración do 50.º aniversario do ILG no ano 2021, este Instituto foi un centro de referencia para o ensino da lingua, mesmo antes de esta estar presente no ensino regulado, para a estandarización e a normativización da lingua, para o desenvolvemento de léxicos especializados ou para a investigación lingüística. En cada momento o ILG tivo que adaptarse a novas tarefas e deseñar novos obxectivos, sempre atendendo ás demandas da sociedade e á necesidade de situar a lingüística galega no nivel do seu tempo. Agora, máis unha vez, o ILG prepárase para afrontar unha nova etapa baseada en dúas grandes áreas de investigación, como recolle a axenda científica aprobada para os próximos anos: por unha parte, “Lingua e sociedade”, na que se inclúen o estudo da variación, do cambio e do contacto lingüísticos así coma o estudo dos discursos,

identidades e ideoloxías, é dicir, todo o que conforma as prácticas lingüísticas na sociedade actual, e por outro lado, as humanidades dixitais, con énfase nas tecnoloxías lingüísticas, mais tamén atendendo ás ferramentas e recursos para a preservación e a difusión do patrimonio lingüístico-cultural. Desta maneira, o ILG renova a súa axenda científica, mais segue a manter o espírito que presidiu toda a súa acción desde o mesmo momento da súa creación: situar a investigación lingüística no nivel internacional, realizando traballos innovadores dentro dos marcos teóricos e coas metodoloxías situadas no estado da arte do momento, mais ao mesmo tempo atendendo a que todo o coñecemento producido e os recursos resultantes teñan utilidade para promover o avance e o progreso da lingua, da ciencia e da sociedade.

Neste marco é onde se sitúa a participación no “Proxecto Nós: o galego na sociedade e na economía da intelixencia artificial”, que ten o obxectivo de elaborar recursos e, coa colaboración de empresas do sector, desenvolver tecnoloxías lingüísticas para a lingua galega. Este proxecto de grande alcance, iniciado na USC polo ILG e o CíTIUS, deu os seus primeiros pasos con convenios anuais en 2021 e 2022 coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e conseguiu financiamento no marco do PERTE da “Nueva Economía de la Lengua” para os anos 2023-2025; paralelamente, está en elaboración unha serie de convenios coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia para o mesmo período, coa Universidade de Santiago de Compostela e tamén coas Universidades de Vigo e da Coruña, para completar este proxecto tan ambicioso e tan relevante para o desenvolvemento tecnolóxico, para a economía e, sobre todo, para a lingua galega.

Ao mesmo tempo, o ILG, coa colaboración do CíTIUS, vai constituir o nodo galego das infraestruturas europeas CLARIN (Common Language Resources and Technology Infrastructure) e Dariah (Digital Research Infrastructure for the Arts and Humanities), que teñen como obxectivo promover e apoiar o uso das tecnoloxías na investigación en lingüística e tamén en artes e humanidades e mais en ciencias sociais. Nestes momentos está a iniciarse a implantación destas infraestruturas no estado español, e no ILG xa se constituíu o K-Clarin ILG, que forma parte do Spanish CLARIN Centre-K e ten como obxectivo poñer en marcha as accións de promoción e apoio que son o obxectivo desta plataforma.

O ILG sitúase, por tanto, nunha posición destacada e aspira a ser un centro de referencia no ámbito das Humanidades Dixitais e das tecnoloxías lingüísticas. Isto, canda a posta do coñecemento ao servizo da sociedade, asegura un papel relevante deste centro para o próximo futuro e, sobre todo, constitúe un alicerxe firme para o futuro da lingua galega na sociedade, ou dito noutras palabras, para que a lingua galega teña futuro, contribuíndo asemade ao desenvolvemento tecnolóxico e cultural da sociedade galega. Prodúcese, por tanto, un salto cualitativo de gran relevancia nos traballos e nas accións deste Instituto, mais os principios inspiradores non mudaron con respecto ao ano 1971, cando fixo a súa primeira acción pública coa presentación dun manual para o ensino e aprendizaxe da lingua galega: crear e difundir coñecemento e poñelo ao servizo da lingua e da sociedade. O feito de que en 1971 unha acción innovadora fose a elaboración, presentación e posta en práctica dun método de ensino de galego e que o seu equivalente hoxe sexa o desenvolvemento de tecnoloxías lingüísticas con aplicacións de intelixencia artificial é unha mostra do camiño percorrido nestes anos e sobre todo dos avances que se produciron na lingüística, mais tamén na cultura e na sociedade. Na parte que nos corresponde deste percorrido, creo que é xusto reconñecer que o Instituto da Lingua Galega tivo un papel non menor.

Aínda que resulte obvio, debemos lembrar que estes resultados e estes proxectos só son possibles mercé ao intenso traballo, á entrega e ao talento do persoal investigador do ILG, desde os Investigadores Principais ao persoal contratado e colaborador, coa valiosa colaboración de persoas e

equipos de diferentes áreas. Neste camiño contamos sempre co apoio claro e continuado do equipo de goberno da Universidade, así como doutras entidades, nomeadamente a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a Fundación Barrié, o Consello da Cultura Galega e mais a Real Academia Galega. Desde o ILG queremos agradecer a todas estas institucións o seu apoio decidido e a confianza que sempre puxeron neste Instituto, na seguridade de que, coa súa axuda, o Instituto da Lingua Galega seguirá contribuíndo de maneira relevante ao coñecemento e á promoción da lingua galega

XOSÉ LUÍS REGUEIRA FERNÁNDEZ
Director do Instituto da Lingua Galega

ORGANIGRAMA

PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR ADSCRITO

Rosario Álvarez Blanco
María Álvarez de la Granja (*secretaria*)
Carme Ares Vázquez
Ana Isabel Boullón Agrelo
Xosé Carracedo Fraga
Francisco A. Cidrás Escáneo
María José Domínguez Vázquez
Francisco Dubert García
Francisco Fernández Rei
Elisa Fernández Rei
Manuel González González
Ernesto X. González Seoane
Carme Hermida Gulías
Mª Sol López Martínez
Ramón Mariño Paz
Henrique Monteagudo Romero
Eduardo M. Moscoso Mato
Xosé Luís Regueira Fernández (*director*)
María Teresa Sanmarco Bande
Xulio Sousa Fernández
Francisco Xavier Varela Barreiro
Dolores Vilavedra Fernández

PERSOAL INVESTIGADOR MARGARITA SALAS

Pablo García Martínez

PERSOAL INVESTIGADOR MARÍA ZAMBRANO

Álex Alonso Nogueira

PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL

Estela Fidalgo Garra	Contrato predoutoral da USC (ata o 30/11/2022)
Elías González López	Contrato predoutoral da Xunta de Galicia
Miguel Guisantes Alonso	Contrato predoutoral da USC
Clara Lago Caamaño	Contrato predoutoral FPU

PERSOAL INVESTIGADOR EN FORMACIÓN

Pedro García Louzao

Bolsa para a iniciación á investigación para
alumnado de Máster

PERSOAL DE APOIO

Jose Antonio Cutrín Garabal
Eva María Domínguez Noya
Lucía Doval Iglesias
Noelia García Díaz
Pedro García Louzao
Xoán Carlos Goris García
Elia Lago Pereira
Mª del Carmen Magariños Iglesias
Marta Negro Romero
Esther Nidáguila López
Mª Carmen Pérez González
Reyes Rodríguez Rodríguez
Andrea Santiso Arias
Marta Vázquez Abuín
Inés Veiga Mateos
Adrián Vidal Miguéns
Adina Ioana Vladu
Florentina Xoubanova Montero

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Amparo Iglesias García

Conserxería

Rosa Palazuelos Gómez (ata xuño)

Responsable de asuntos económicos

María Isabel Rial Otero

Responsable de asuntos económicos

INVESTIGADORES AD HONOREM

Xosé Luís Couceiro Pérez

Ramón Lorenzo Vázquez

Antón Santamarina Fernández

COLABORADORES E COLABORADORAS EXTERNOS/AS

Alba Aguete Cajiao

José Manuel Dopazo Entenza

Concepción Álvarez Pousa

Xosé Antonio Fernández Salgado

Noemi Basanta Llanes

Marianela Fernández Trinidad

Xosé Henrique Costas González

Isabel Fraga Carou

Miguel García-Fernández	Ricardo Pichel Gotérrez
Xavier Gómez Guinovart	M.ª Dolores Sánchez Palomino
Eduardo Louredo Rodríguez	José António Souto Cabo
Victoria Marrero Aguiar	Gisela Tomé Lourido
Luz Méndez Fernández	Gabino Segundo Vázquez Grandío
Anik Nandi	Raquel Vila-Amado
Gonzalo Navaza Blanco	Xosé Xove Ferreiro
Antón Palacio Sánchez	

ALUMNADO EN PRÁCTICAS NO ILG

- María Carballal Febreiro: alumna do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2021/2022.
- Pedro García Louzao: alumno do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada, curso 2021/2022.
- Alicia López Besteiro: alumna do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2022/2023.
- Deborah Nebechukwu: alumna do Mestrado en Lexicografía EmLex, curso 2022/2023.
- María Pérez Lago: alumna do Grao en Lingua e Literatura Galegas, curso 2021/2022.
- Sergio Rodríguez Carreira: alumno do Grao en Enxeñaría Informática, curso 2021/2022.

ÓRGANOS DE GOBERNO

COMISIÓN PERMANENTE

- Xosé Luís Regueira Fernández
 María Álvarez de la Granja
 Elisa Fernández Rei
 Rosario Álvarez Blanco
 Francisco Dubert García

ONSELLO CIENTÍFICO

- | | |
|------------------------------|----------------------------|
| Rosario Álvarez Blanco | Francisco Dubert García |
| María Álvarez de la Granja | Elisa Fernández Rei |
| Carme Ares Vázquez | Francisco Fernández Rei |
| Ana Isabel Boullón Agrelo | Estela Fidalgo Garra |
| Xosé Carracedo Fraga | Manuel González González |
| Francisco A. Cidrás Escáneo | Ernesto X. González Seoane |
| Xosé Luís Couceiro Pérez | Carme Hermida Gulías |
| Jose Antonio Cutrín Garabal | Clara Lago Caamaño |
| María José Domínguez Vázquez | M.ª Sol López Martínez |

Ramón Lorenzo Vázquez
Ramón Mariño Paz
Luz Méndez Fernández
Henrique Monteagudo Romero
Eduardo M. Moscoso Mato
Marta Negro Romero
Xosé Luís Regueira Fernández

Reyes Rodríguez Rodríguez
María Teresa Sanmarco Bande
Antón Santamarina Fernández
Xulio Sousa Fernández
Francisco Xavier Varela Barreiro
Dolores Vilavedra Fernández

XUNTA DE GOBERNO

Reitor da Universidade de Santiago de Compostela
Director do Instituto da Lingua Galega
Secretaria do Instituto da Lingua Galega
Presidenta do Consello da Cultura Galega
Presidente da Real Academia Galega
Secretario Xeral de Política Lingüística
Representante do Consello de Goberno da USC
Representante do Consello Social da USC
Representante da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (Xunta de Galicia)
Presidente da Fundación Barrié
Vicerreitor de Investigación e Innovación
Decano da Facultade de Filoloxía
Director do Departamento de Filoloxía Galega da USC

COMISIÓN ASESORA EXTERNA

Pilar García Mouton (CSIC)
Johannes Kabatek (Universidade de Zurich)
Martin Maiden (Universidade de Oxford)
Rita Marquilhas (Universidade de Lisboa)
Joan Torruella (Universidade Autónoma de Barcelona)

RELACIÓN DE LIÑAS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN

A. PROXECTOS PROMOVIDOS NO SEO DO ILG

A. DIALECTOLOXÍA E XEOGRAFÍA LINGÜÍSTICA DO GALEGO E DO PORTUGUÉS

A1. Atlas Lingüístico Galego

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Rosario Álvarez, Francisco Fernández Rei, Francisco Dubert García, Xulio Sousa, Carme Hermida Gulías, Antón Santamarina, Lucía Doval Iglesias, Nercida Prada Piñeiro, Raquel Vila-Amado

INFORMÁTICA: Jose Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia e coa Fundación Barrié

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/indices/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

1. Depuración, corrección e mantemento da base de datos informática, especialmente daqueles rexistros que se van analizando e estudiando para a elaboración dos mapas correspondentes.
 - Realizouse a revisión e corrección dos rexistros da base correspondentes aos materiais que serán publicados no volume VIII do *Ser humano III*.
 - Realizáronse unha serie de correccións, especialmente referidas á depuración de errores de transcripción dos datos e de asignación de respostas incorrectas nos seguintes conceptos: Terra de labranza, Leira pequena, Leira couta e pechada, Agra, Terreo inculto que se queima para convertelo en labradío, Monte que se rotura, Estaxe, Cabeceira dunha finca, Sementeiro, Prado, Barbeito, Humidade da terra, Secaño, Regadío, Rego, Acequia, Canle, Canlear, Torna, Comporta, Rolda, Facer un reparto de auga, Rozar, Estorroar, Terrón que levanta o arado, Terrón co herba.
2. Proseguimento da alimentación de datos lingüísticos referidos á lingua galega para proxectos de ámbito europeo (ALE: *Atlas Linguarum Europae* e ALiR: *Atlas Linguistique Roman*).
 - Analizáronse e revisáronse os datos referidos á lingua galega dos seguintes mapas do *Atlas Linguistique Roman: champignon, ronces, mûre e écorce*.
 - Elaboráronse as sínteses galegas para os mapas do ALiR: *margarida, magarza, estribo, muíño, canle e moega*.
 - Realizouse a revisión da parte xeral referida a Galicia do volume 2c do *Atlas*

Linguistique Roman, revisión que consistiu basicamente en: actualización dos membros do comité galego; actualización da bibliografía de carácter xeral, que é común para a redacción dos comentarios de todos os mapas, cunha proposta de abreviacións, para evitar repeticións continuadas no que se consideran obras de referencia; e revisión de certas grallas que existían na introdución con respecto á realidade dialectal de Galicia.

- Participouse na revisión dos mapas e das sínteses europeas presentadas no *54th Editorial Board Meeting of the Atlas Linguarum Europae*, que tivo lugar en Bucarest o día 11 de novembro de 2022.
- 3. Alimentación con datos lingüísticos do ALGa dos proxectos de ámbito ibérico e lusófono TLPGP (*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*) e PLG (*Patrimonio léxico da Gallaecia*).
 - Preparáronse os datos de DOA para subir ao *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués (TLPGP)* e ao *Patrimonio Léxico da Gallaecia (PLG)*.
 - Iniciouse o proceso de revisión de materiais léxicos do volume V (o ser humano I) para incorporación no TLPGP (*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*) e PLG (*Patrimonio léxico da Gallaecia*).
- 4. Actualización dos índices publicados no sitio web do ILG coa incorporación dos datos dos novos mapas.
 - Realizouse unha revisión e corrección da base de datos da aplicación de consulta *Índices do Atlas Lingüístico Galego*.
- 5. Mantívose continuamente actualizada a información do proxecto na páxina web do ILG.
- 6. Explotación cuantitativa dos materiais publicados e inéditos do ALGa.
 - Incorporáronse materiais de 15 variables fonéticas e 35 léxicas á base de datos para a súa explotación cuantitativa.
- 7. A aparición do volume *O ser humano III* adíase para o primeiro semestre de 2023. Durante o período que agora remata concluíuse a revisión de mapas e iniciouse a redacción do texto de introdución do volume.
- 8. Redacción de 100 mapas (elaboración cartográfica, lendas e notas) dos volumes que están en vías de preparación e elaboración de 118 novos mapas.

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Álvarez, Rosario (2022): “Xoaniña, voa voa. Os nomes da Coccinella en galego”, en Vanderci de Andrade Aguilera / Fabiane Cristina Altino / Conceição de Maria de Araújo Ramos (orgs.), *Estudos Dialetais Brasileiros e Europeus: uma homenagem a João Saramago*. Campo Grande-MS: Editora da Universidade Federal do Mato Grosso do Sul – EDUFMS, 53-81. <https://repositorio.ufms.br/handle/123456789/5633>

Álvarez, Rosario (2022): “Florencio Delgado Gurriarán, poeta de Valdeorras”, en *Día das Letras Galegas*. Cóngromo, 17 de maio de 2022.

Álvarez, Rosario (2022): “Doa a doa, dato a dato”, en *Congrés Espais de frontera a la península Ibérica*. Barcelona: Universidade de Barcelona, 8-10 de xuño de 2022.

Álvarez, Rosario (2022): “Variación léxica e historia cultural: palabras transatlánticas. Conferencia inaugural”, en *VI Congresso Internacional de Dialectología e Sociolinguística*. Mato Grosso do Sul: UFBA. Campo Grande, 7-10 de novembro de 2022.

González González, Manuel (2022): “Os nomes da vacaloura en galego”, en Vanderci de Andrade Aguilera / Fabiane Cristina Altino / Conceição de Maria Araújo Ramos (eds.), *Estudos dialetais brasileiros e europeus: uma homenagem a João Saramago*, vol. 2.

- Campo Grande (Brasil): Editora da Universidade Federal do Mato Grosso do Sul – EDUFMS, 149-168. <https://repositorio.ufms.br/handle/123456789/5633>
- González González, Manuel (2022): “Algunas reflexiones sobre el *Atlas Lingüístico Galego* más de cuarenta años después”, en Isabel Molina Martos / Pilar García Mouton (eds.): *Geolingüísticas en la Península Ibérica*. Madrid: CSIC, 93-111.
- González González, Manuel: “Distinta suerte de los fenómenos dialectales en el establecimiento de la norma de la lengua gallega”, en Adolfo Arejita (ed.): *Aniztasuna: bizkeren berba-mintzoak. Euskaltzaindiaren II. Nazioarteko Dialektología Biltzarra // Diversidad: vocablos y voces de las variedades lingüísticas. II Congreso Internacional de Dialectología de la Real Academia de la Lengua Vasca*. IKER 41 Euskaltzaindia. Bilbo, pp. 225-242.
- Sousa, Xulio (2022): “El *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* y el gallego del siglo XX”, en Isabel Molina Martos, Pilar García Mouton (eds.): *Geolingüísticas en la Península Ibérica*. Madrid: CSIC, 55-70.

A2. TESOURO DO LÉXICO PATRIMONIAL GALEGO E PORTUGUÉS

IP: Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto X. González Seoane, Marta Negro Romero, Xulio Sousa, Eduardo Louredo Rodríguez

INFORMÁTICA: Jose Antonio Cutrín Garabal

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia, Portugal e Brasil, figuran en <http://ilg.usc.gal/Tesouro/gl/equipo.html>

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁGINA WEB: <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/tesouro-do-lexico-patrimonial-galego-e-portugues>

RECURSO DIXITAL: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

1. O ano 2022 pechouse con 293.479 rexistros no banco de datos do TLPGP, o que supón un incremento de 1.969. Proceden de 6 novas obras, todas de Galicia. Conforme o programa previsto, continuouse coa introdución de vocabularios de temáticas específicas (paxaros e cultura mariñeira) e do galego oriental. O total de rexistros corresponden a 72.823 lemas diferentes realizados en 118.526 variantes.
2. Durante o ano 2022 completouse o deseño da aplicación creada para facilitar e acelerar a introdución de datos por parte dos investigadores. Foi posta a proba con diferentes obras e rectificada en diversos aspectos. Neste momento funciona de maneira regular.
3. A existencia desta aplicación modifica os ritmos e secuencias no sistema de producción das táboas. Neste momento están dispostas ou xa sendo tratadas nesta fase 6 obras (5 Galicia, 1 Portugal), que axiña suporán preto de seis mil rexistros adicionais.
4. En 2022 avanzouse no proceso de mellora das opcións de consulta para os usuarios e de visibilización de datos. Entre outras melloras, o uso de diacríticos e a oferta de tres opcións de busca: simple, avanzada e ampliada.
5. O equipo de ILG continúa co labor de asesoramento dos outros membros do equipo, e de revisión e validación das táboas particulares antes de unilas ao banco de datos común. Mantén tamén a base de datos e depura de xeito permanente irregularidades.

6. Este equipo tamén actualiza o Inventario de obras de léxico dialectal galego e portugués con referenciação xeográfica, que ao final de 2022 contaba con 437 rexistros.
7. Como en anos anteriores, o TLPGP segue en conexión co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*, dirixido ao ensino non universitario, que se desenvolve no marco do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, e co proxecto *DOA. Dialectoloxía cidadá*, dos que incorpora información. Á súa vez, proporciona os datos precisos para o proxecto *Patrimonio Léxico da Gallaecia* (§ A3).

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

Álvarez, Rosario (2022): “Xoaniña, voa voa. Os nomes da Coccinella en galego”, en Vanderci de Andrade Aguilera / Fabiane Cristina Altino / Conceição de Maria de Araújo Ramos (orgs.), *Estudos Dialetais Brasileiros e Europeus: uma homenagem a João Saramago*. Campo Grande-MS: Editora da Universidade Federal do Mato Grosso do Sul – EDUFMS, 53-81. <https://repositorio.ufms.br/handle/123456789/5633>

Álvarez, Rosario (2022): “Presentación e avaliación dun proxecto colaborativo para a obtención de datos lingüísticos: Doa. Dialectoloxía cidadá”, *Espais de frontera a la península ibérica. eHumanista/IVITRA*, 22. <https://www.ehumanista.ucsb.edu/sites/default/files/sitefiles/ivitra/volume22/4.1.%20A%CC%81lvarez%20Blanco.pdf>

Álvarez, Rosario (2022): “Variación léxica e historia cultural: palabras transatlánticas. Conferencia inaugural”, en *VI Congreso Internacional de Dialectología e Sociolingüística*. Mato Grosso do Sul: UFBA. Campo Grande, 7-10 de novembro de 2022.

A3. O PATRIMONIO LÉXICO DA GALLAECIA

IP: Rosario Álvarez Blanco / María Álvarez de la Granja

EQUIPO INVESTIGADOR: Ernesto X. González Seoane, Marta Negro Romero, María Teresa Sanmarco Bande, Xulio Sousa

INFORMÁTICA: Jose Antonio Cutrín Garabal / Enxenio / NLPgo

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: A relación de membros e universidades participantes, en Galicia e Portugal, figura en <https://ilg.usc.es/es/proyectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁGINA WEB: <https://ilg.usc.gal/gl/proyectos/patrimonio-lexico-da-gallaecia>

RECURSO DIXITAL: <https://ilg.usc.gal/plg/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

1. Enriquecemento da base léxica da que se extraen os datos para o establecemento de conceptos da ferramenta *Patrimonio léxico da Gallaecia* (vid. o proxecto 2, *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*).
2. Revisión dos datos e xeosínómimos dagúns conceptos, por incorporación de nova información na base de partida (TLPGP).
3. Incorporación de novos conceptos no PLG (*acirro, conselo, egua*).
4. Participación nunha nova convocatoria do Plan Proxecta da Xunta de Galicia, co proxecto *Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional*.

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

Negro Romero, Marta / Xulio Sousa (2022): “*Patrimonio léxico da Gallaecia. Una aplicación para el estudio del léxico dialectal*”, en *III Workshop INTELE*. Madrid, 13-14 de setembro de 2022 (póster).

A4. VARIACIÓN E CAMBIO NOS DOMINIOS GALEGO E PORTUGUÉS NO SÉCULO XX

IP: Xulio Sousa

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Dubert, Aquilino S. Alonso Núñez, Clara Lago Caamaño, Eduardo Louredo, Marta Negro Romero, Esther Nidáguila López

INFORMÁTICA: Jose Antonio Cutrín Garabal

FINANCIAMENTO: FEDER/Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades – Agencia Estatal de Investigación/Proxecto PGC2018-095077-B-C44

PÁGINA WEB: http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/VARCAM_GP

RECURSO DIXITAL: <http://alpi.csic.es/gl>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

1. Análise de materiais léxicos e morfosintácticos do dominio galego.
2. Deseño do diccionario dialectal dos materiais do ALPI e incorporación dos primeiros datos.
3. Análise comparativo de materiais do ALPI e do ALGa (75 preguntas).

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

Moutinho, Lurdes de Castro / Alberto Gómez Bautista / Elisa Fernández Rei / Helena Rebelo / Rosa Lídia Coimbra / Xulio Sousa (eds.) (2022): *Estudos em variação linguística nas línguas românicas - 2*. Aveiro: Universidade de Aveiro. <https://ria.ua.pt/handle/10773/34042>

Rodríguez Lorenzo, David: *Variación e cambio lingüístico en tempo real. Un estudo sobre o galego con base en materiais xeolingüísticos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tese de doutoramento. <http://hdl.handle.net/10347/29352>

Sousa, Xulio (2022): “El *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* y el gallego del siglo xx”, en Isabel Molina Martos, Pilar García Mouton (eds.): *Geolinguísticas en la Península Ibérica*. Madrid: CSIC, 55-70.

Sousa, Xulio (2022): “Palabras e comidas no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*: a parva e o almorzo”, en Vanderci de Andrade Aguilera / Fabiane Cristina Altino / Conceição de Maria Araújo Ramos (eds.), *Estudos dialetais brasileiros e europeus: uma homenagem a João Saramago*, vol. 2. Campo Grande-MS: Editora da Universidade Federal do Mato Grosso do Sul – EDUFMS, 271-290. <https://repositorio.ufms.br/handle/123456789/5633>

A5. ATLAS LINGUISTIQUE ROMAN

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Fernández Rei, Xosé Afonso Álvarez, Alba Aguete Cajiao, María Dolores Sánchez Palomino

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

O comité galego do *Atlas Linguistique Roman* preparou e enviou durante o ano 2022 aos respectivos redactores do Comentario románico as sínteses galegas referidas aos seguintes conceptos:

- *Champignon* (á redactora románica Carole Cauvin-Payan)
- *Écorce* (á redactora románica Jeanine Médélise)
- *Églantier* (aos redactores románicos Laura Mantovani e Jean-Pierre Lai)
- *Érable* (ao redactor románico José Enrique Gargallo)
- *Pissenlit* (aos redactores románicos Tullio Telmon e Federica Cugno)

A6. ATLAS LINGUARUM EUROPÆ

IP: Manuel González González

EQUIPO INVESTIGADOR: Francisco Fernández Rei, Xosé Afonso Álvarez, Alba Aguete Cajiao

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

O 11 de novembro de 2022 tivo lugar o *54th Editorial Board Meeting of the Atlas Linguarum Europæ (ALE)*, en liña, organizado polo Instituto de Lingüística Iorgu Iordan–Alexandru Rosetti da Academia Romanesa, desde Bucarest. Neste simposio fixose o seguimento do tratamento dos datos referidos á lingua galega dos conceptos:

- *gata* (versión 2)
- *obreiro*
- *toro dunha árbore*
- *vai aire, ventea.*

B. GALEGO-PORTUGUÉS

B1. CORPUS GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (CGPA)

IP: Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Ricardo Pichel Góterrez, Xosé Carracedo Fraga, José António Souto Cabo, Miguel García-Fernández, Rosário Ferreira, Charlotte Galves, Leonardo Lennertz Marcotulio, Juan Carrasco González

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico

PÁXINA WEB: CGPA (<http://ilg.usc.es/cgpa/>)

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

As actividades desenvolvidas estiveron norteadas pola consolidación do CGPA como corpus plurilingüístico representativo dos textos antigos conservados no ámbito galego-portugués.

A liña preferenciada seguiu sendo a da participación do CGPA na construcción dun recurso en liña no que, desde o ano 2022, se recollan os textos latinos e romances da Galiza premoderna. É o froito da colaboración entre os proxectos *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA), desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e o *Corpus Galego-Portugués Antigo* (CGPA), activo no Instituto da Lingua Galega desde finais do século XX. O CODOLGA achega os textos latinos e o CGPA os romances.

Neste ano 2022 este novo recurso de converxencia ten preparados e ofrecerá para consulta en aberto no ano 2023 un banco textual de 18.500 pezas documentais en latín, a totalidade das obras non documentais en romance, os cerca de 2000 documentos romances da colección do mosteiro cisterciense de Santa María de Montederramo. e a totalidade das coleccións diplomáticas de Santa María de Oseira (Ourense) e de San Salvador de Sobrado de Trives (Ourense).

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2022): “Corpus y edición digital de textos antiguos gallego-portugueses. CGPA y EGPA: tradición y avances”, en *VI Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas*. Venecia, 5-7 de outubro de 2022 (comunicación).

B2. ESCRITORIO GALEGO-PORTUGUÉS ANTIGO (EGPA-LIT, EGPA-DOC)

IP: Ricardo Pichel Góterrez / Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: Pedro Dono López, Camilo Fernández Cortizo, Miguel García-Fernández, Ramón Mariño Paz, Eduardo Moscoso Mato

PROXECTOS DE COOPERACIÓN: Biblioteca Dixital da Galicia Medieval (dir. Xavier Varela Barreiro), Xelmírez (dir. Xavier Varela Barreiro), Corpus Informatizado Galego-Portugués Antigo (dir. Xavier Varela Barreiro), Red Internacional CHARTA (coord. Belén Almeida Cabrejas, Univ. Alcalá), HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación y memoria (dir. Ricardo Pichel, Univ. de Alcalá)

FINANCIAMENTO: Proxecto “HERES. Patrimonio textual ibérico y novohispano. Recuperación

y memoria” (CM 2018-T1/HUM-10230)

RECURSO DIXITAL: <https://corpora.uah.es/egpa/>

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

1. Apertura dun novo sitio web para o EGPA, temporalmente aloxado na máquina cóprora da Universidade de Alcalá (<https://corpora.uah.es/egpa/>).
2. Continuación dos traballos informáticos de codificación a XML-TEI dos textos (fontes documentais e obras literarias) que se están incorporando ao EGPA, dentro da plataforma TEITOK.
3. Continuación da transcripción, revisión e reedición da colección diplomática íntegra correspondente á tese de doutoramento de Margot Sponer (*Altgalizische Urkunden*, 1935).
4. Colaboración co Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia) para a implementación dalgúns corpus desenvolvidos en colaboración con eles e coa USC (ILG e Fac. de Historia).
5. Continuación dos traballos de transcripción, etiquetado e edición dalgúns textos literarios medievais galegos: as traducións galegas da *General estoria* (RBE ms. O.I.1) e da *Estoria de España* (BGHUsal 2497), da Crónica de 1404 (HSA B.2278, BMP 62) e dos fragmentos conservados das *Partidas* e doutras obras xurídicas.

CONTRIBUCIÓNDS DERIVADAS

Caballero Gómez, Víctor / Ricardo Pichel (2022): “A edición dixital de fontes arquivísticas panhispánicas. Avances e novas perspectivas máis alá de CHARTA 3.0”, *Simposio ILG 2022*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, do 28 de novembro a 2 de decembro de 2022.

García-Fernández, Miguel (2022): “O corpus testamentario de Galicia (CORTESGAL). Un proxecto de multiedición dixital para historiadores e filólogos”, en *Simposio ILG 2022*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, do 28 de novembro a 2 de decembro de 2022.

Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2022): “Corpus y edición digital de textos antiguos gallego-portugueses. CGPA y EGPA: tradición y avances”, en *VI Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas*. Venecia, 5-7 de outubro de 2022.

Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2022): “O Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA) e a edición dixital da prosa galega medieval: fontes documentais e textos literarios”, en Simposio ILG 2022. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, do 28 de novembro a 2 de decembro de 2022.

B3. PATRIMONIO TEXTUAL NA GALICIA MEDIEVAL: PROSA DOCUMENTAL E LITERARIA

Este proxecto subdivídese nas dúas liñas que se indican a continuación e cuxos resultados se comentan a seguir:

B3.1. A prosa notarial. Características da producción documental na Galicia medieval (terras do Carballedo, de Celanova, do Ribeiro e de Trives)

B3.2. A prosa literaria: textos historiográficos, romancescos e xurídicos

B3.1. A PROSA NOTARIAL. CARACTERÍSTICAS DA PRODUCIÓN DOCUMENTAL NA GALICIA MEDIEVAL (TERRAS DO CARBALLIÑO, DE CELANOVA, DO RIBEIRO E DE TRIVES)

IP: Eduardo Moscoso Mato / Xavier Varela Barreiro

EQUIPO INVESTIGADOR: José António Souto Cabo, José Carracedo Fraga, Mariña Bermúdez Veloso, Miguel García-Fernández, M.^a Carmen Pérez González, Ricardo Pichel

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

No ano 2022 realizáronse os traballos iniciais previstos, que foron os seguintes:

1. Labores de procesamento informático para a integración nos corpus CGPA e CGPA-CODOLGA a información textual e os metadatos correspondentes á documentación de Santa María de Oseira e de San Salvador de Sobrado de Trives.
2. Avance nos traballos conducentes á apertura dunha base de datos colaborativa coa información (meta)textual referida ás coleccións diplomáticas de Santa María de Oseira, San Salvador de Sobrado de Trives e Santa María de Montederramo (anos 2019-2020).
3. Avance na converxencia dos corpus CGPA (*Corpus do Galego-Portugués Antigo*) e CODOLGA (*Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*) para a creación dun corpus documental latino-romance da Galicia medieval (en colaboración co Centro Ramón Piñeiro). Está preparada unha primeira versión en probas, aínda non accesible (<http://cgpa.nlpgo.com/cgpa/>).
4. Avances na implementación técnica común co EGPA (*Escritorio Galego-Portugués Antigo*) dentro da plataforma TEITOK (sección de fontes arquivísticas do EGPA).
5. Apertura de novos córpora lingüísticos:
 - Carracedo Fraga, José / Xavier Varela Barreiro (coords.) (2022-): CODOLGA-CGPA. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades / Instituto da Lingua Galega (USC) <http://cgpa.nlpgo.com/cgpa/>
 - García-Fernández, Miguel / Diana Pelaz Flores / Ricardo Pichel (coords.) (2022-): *Corpus rexio e rexinal da Galicia medieval*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORREGAM>
 - García-Fernández, Miguel (dir.) (2020-): *Corpus testamentario de Galicia*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=CORTESGAL>
 - Pichel, Ricardo / García-Fernández, Miguel (coord.) (2022-): *e-ASPA. Edición dixital do fondo medieval do Arquivo de San Paio de Antealtares (Santiago de Compostela)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela. <https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=e-ASPA>

CONTRIBUCIÓN DERIVADAS

Bermúdez Beloso, Mariña (2022): “Terras, condados, territorios: recomponendo un crebacabezas”, en congreso Regnum totius Gallaeciae. *O Reino medieval de Galicia*. Santiago de Compostela, 19-22 de outubro de 2022.

- Bermúdez Beloso, Mariña / Javier Castiñeiras López (2022): “Del capitel al mapa interactivo: mapeando las representaciones femeninas en el arte gallego medieval”, en II Congrés Internacional IRCVM *Digitalitzar l'edat mitjana*. Barcelona, 5-7 de outubro de 2022.
- Bermúdez Beloso, Mariña (2022): “Cartografiando la administración civil de la Galicia medieval: retos, problemas y soluciones”, en *I Seminario de investigación Castillae metrum “Cartografiando la administración civil de la Galicia medieval: retos, problemas y soluciones”*. Santander, 14 de outubro de 2022.
- Bermúdez Beloso, Mariña (2022): ““What’s in a name?” About the *Regionem Carantanorum*, the *Karantana Provincia* and the Possibilities for Mapping it”, en *International Workshop Ethnonyms and the Order of Space in the Frankish Realms, 6th-9th c.* Viena, 4 de novembro de 2022.
- Bermúdez Beloso, Mariña (2022): *Cartografando a Galiza medieval*. Recurso en liña en actualización permanente desde 2018.
<https://mapagalizamedieval.wixsite.com/cartografiando-a-gali/contacto>
- Bermúdez Beloso, Mariña (2022): Serie documental *Os castelos*. Participación como historiadora especialista na Idade Media galega.
<https://www.crtvg.es/tvg/programas/os-castelos>
- Bermúdez Beloso, Mariña (2022): Webserie *Falemos do Reino de Galiza*. Participación como historiadora especialista na Idade Media galega.
https://www.youtube.com/channel/UCVVUcbBD5V_RmQNNBcpWEmQ
- García-Fernández, Miguel (2022): “La documentación medieval de San Salvador de Sobrado de Trives: estado de la cuestión y propuestas de futuro”, en *Nuevos trabajos en estudios medievales II: historia, arte, filología y arqueología*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 37-63.
- García-Fernández, Miguel (2022): “Nin santas, nin pecadoras; ou todo e máis. Da condición feminina ás voces e actuacións das mulleres na documentación medieval galega”, en Ricardo Pichel (ed.), *Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 221-279.
- García-Fernández, Miguel (2022): “O patrimonio documental galego na rede (II): de Ribadeo a Zaragoza, pasando polo Saviñao”, *Murguía. Revista Galega de Historia*, 45. (no prelo).
- García-Fernández, Miguel (2022): “As mulleres e as cortes señorais no tempo dos trovadores”. Seminario impartido no marco do curso *A mulher medieval. Imagens e textos na lírica galega-portuguesa*, organizado polo Núcleo de Estudios Galegos da UFF e o Programa de Estudos Galegos da UERJ. 18 de outubro de 2022 (en liña).
- García-Fernández, Miguel (2022): “De doña Aldonza de Mendoza a doña Teresa de Távora: contactos y pervivencias de la nobleza femenina en las casas reginales castellanas del siglo XV”. Relatorio convidado presentado no *Coloquio Internacional Poblar la Casa, conectar los reinos. El entorno curial de la reina en la Península Ibérica (s.s. XIII-XVI)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2022 (comunicación).
- García-Fernández, Miguel (2022): “Doña Milia Fernández de Castro y las señoras de Lemos más allá de la frontera gallego portuguesa: conexiones familiares y prácticas de poder”. Relatorio convidado presentado no coloquio *Más allá de la frontera: nobles, prelados y cortesanos en el Occidente peninsular (siglos XII-XV)*, organizado polo Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento (CSIC-Xunta de Galicia), en colaboración co Instituto de Historia (CSIC). Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2022 (comunicación).

García-Fernández, Miguel (2022): “Incertezas e interrogantes sobre (as) María(s) Pérez: nobre e soldadeira? Entre a historia e a literatura”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo rutas, expandindo caminos. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia: Universidade de Varsovia, 24 de setembro de 2022 (comunicación).

García-Fernández, Miguel (2022): “Reinas e infantas en la documentación real de Galicia (1252-1504): retórica documental, prácticas de poder y proyecto de edición”. Relatorio presentado por convite no *Coloquio internacional «Regímenes documentales de las Reinas e Infantas en los Reinos Ibéricos»*. Ciudad Real: Universidad de Castilla la Mancha, 8 de setembro de 2022.

García-Fernández, Miguel / Ricardo Pichel (2022): “O patrimonio documental da Idade Media no Arquivo de San Paio de Antealtares: proxectos de estudio e edición”. Relatorio presentado, por convite, no Simposio *Ars Sacra: El patrimonio cultural en la tradición monástica benedictina*. Santiago de Compostela: Museo de Arte Sacro de San Paio de Antealtares, 15 de outubro de 2022 (comunicación).

B3.2. A PROSA LITERARIA: TEXTOS HISTORIOGRÁFICOS, ROMANESCOS E XURÍDICOS

IP: Ramón Mariño Paz / Ricardo Pichel Gotérrez

EQUIPO INVESTIGADOR: Miguel García-Fernández, Harvey L. Sharrer, Gerardo Pérez Barcala, M.^a Carmen Pérez González, Xavier Varela Barreiro

FINANCIAMENTO: Convenio coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

AVANCES SIGNIFICATIVOS DO ANO 2022

1. Labores de transcripción, revisión e codificación informática do códice Vindel neoiorquino da *Crónica de 1404* e da súa retradución castelá escurialense (continuación).
2. Labores de transcripción, revisión e codificación informática dalgúns dos fragmentos xurídicos galegos (*Sete Partidas, Foro Real, Flores de Dereito*), algúns deles áinda inéditos.
3. Publicación de varios artigos referidos ás tradicións manuscritas de índole xurídica, historiográfica e doutrinal obxecto de edición, en varios volumes especializados sobre cultura escrita medieval.
4. Labores de carácter filolóxico e ecdótico relacionadas cos testemuños compostelán (C) e vaticano (V) da *Crónica de Iria*.
5. Avance na implementación técnica do EGPA (*Escriptorio Galego-Portugués Antigo*) dentro da plataforma TEITOK no que concirne á sección de textos literarios.
6. Execución do Simposio 2022 do ILG sobre edición dixital de textos antigos, cuxa celebración tivo lugar do 28 de novembro ao 2 de decembro na Facultade de Filoloxía da USC.
7. Apertura de novos córpora textuais:
 - Pichel, Ricardo / Harvey L. Sharrer (coord.) (2022-): *7PDgap. Edición dixital das Sete Partidas na Galiza e Portugal*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, Universidade de Santiago de Compostela.
<https://corpora.uah.es/egpa/index.php?action=7PDgap>

CONTRIBUCIÓNS DERIVADAS

- Askins, Arthur L.-F. / Miguel García-Fernández / Ricardo Pichel (2022): “Unha nova ollada ao testemuño galego do *Livro das Confissões*”, en Ricardo Pichel (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 663-684.
- Arbor Aldea, Mariña / Miguel García-Fernández / Ricardo Pichel (2022): “A recepción galego-portuguesa da *Sexta Partida*: dous novos fragmentos”, en Ricardo Pichel (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 643-661.
- García-Fernández, Miguel (2022): “Mulleres peregrinas e mulleres nos camiños de peregrinación na literatura odepórica xacobea medieval”, *Ad Limina*, 13 (2022), 185-219.
https://www.caminodesantiago.gal/documents/17639/1548123/Ad_Limina_XIII-08_Miguel_Garc%C3%A3a-Fern%C3%A1ndez.pdf
- Miranda, José Carlos Ribeiro / Ricardo Pichel (2022): “A tradución galego-portuguesa da *Crónica de Castela*. Noticia dun novo testemuño na Biblioteca Nacional de Luxemburgo”, en Ricardo Pichel (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 685-701.
- Pichel, Ricardo (ed.) (2022): «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 752 pp. ISBN: 978-84-19077-35-6.
- Pichel, Ricardo (2022): “Para a historia da prosa médica na Galiza medieval: unha receita en galego do século XV no arquivo da Real Chancillería de Valladolid”, *Murguía. Revista galega de historia* 45 (no prelo).
- Pichel, Ricardo (2022): “S24. El fragmento de la *Séptima Partida* de la Biblioteca de la Real Colegiata de San Isidoro de León”, en José Manuel Frajeda Rueda (dir.), *7PartidasDigital. Edición crítica digital de las «Siete Partidas»*.
<https://7partidas.hypotheses.org/testimonios/s24>
- Pichel, Ricardo (2022): “S2A Noticia de un nuevo testimonio fragmentario de la *Segunda Partida*”, en José Manuel Frajeda Rueda (dir.), *7PartidasDigital. Edición crítica digital de las «Siete Partidas»*. <https://7partidas.hypotheses.org/10337>
- Pichel, Ricardo / Miguel García-Fernández / Xavier Varela Barreiro (coords.) (2022): “Novos textos para o estudio da literatura medieval galego-portuguesa”, en Ricardo Pichel (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 641-746.
- Pichel, Ricardo / Harvey L. Sharrer (2022): “Aqui se começan as rubricas deste liuro. Dous testemuños galegos inéditos da *Quinta Partida*”, en Ricardo Pichel (ed.), «*Tenh'eu que mi fez el i mui gran ben*. Estudos sobre cultura escrita medieval dedicados a Harvey L. Sharrer. Madrid: Sílex, 709-746.

C. ONOMÁSTICA

C1. DICIONARIO DOS APELIDOS GALEGOS

IP: Ana Boullón Agrelo

EQUIPO INVESTIGADOR: Gonzalo Navaza, Antón Palacio Sánchez, Luz Méndez Fernández

FINANCIAMENTO: Sen financiamento específico


Álvarez, Rosario. Coordinadora do proxecto *Gallaeciae Monumenta Historica*, promovido e sustentado polo Consello da Cultura Galega. <http://gmh.consellodacultura.gal/>.

Forman parte da súa Comisión Científica os seguintes investigadores: José Miguel Andrade Cernadas, Ana Isabel Boullón Agrelo, Paula Bouzas Rosende, Alexandra Cabana Outeiro, Xosé Henrique Monteagudo Romero, Francisco Javier Pérez Rodríguez e María Beatriz Vaquero Díaz.

Boullón Agrelo, Ana Isabel. Colaboradora no proxecto *Dictionnaire Étymologique Roman* (DÉRom), financiado pola Agence National de la Recherche (ANR) e a Deutsche Forschungsgemeinschaft (DFG). IP: Éva Buchi (directora de investigación do ATILF (CNRS e Nancy-Université) e Wolfgang Schweickard (Universität des Saarlandes - Saarbrücken). Período: desde 2007. <http://www.atilf.fr/derom>

Boullón Agrelo, Ana Isabel. Consultora-parceira para os nomes galegos do *Projeto Novo Dicionário de Nomes em Uso no Brasil*, coordinado pola Dra. Juliana Soledade (UFBA/UnB), integrado pola Universidade Federal da Bahia, Universidade de Brasília, Universidade de São Paulo e INEP (Instituto Nacional de Estudos e Pesquisas Educacionais). Período: desde 2017. <http://dicionariodenomesdobrasil.com.br/>

Carracedo Fraga, Xosé. Coordinador do grupo de investigación Estudios Clásicos e Medievales (USC GI-1908), financiado con axuda a Grupos de Referencia Competitiva da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia (ED431C-2019/18). Período: 2019-2022.

Carracedo Fraga, Xosé. Membro do proxecto *Textos técnicos latinos: medicina y gramática entre la Antigüedad tardía y la alta Edad Media* (PGC2018-093580-B-I00). IP: Manuel E. Vázquez Buján. Período: 2019-2021.

Carracedo Fraga, Xosé. IP do proxecto *CODOLGA. Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* do CRPIH.

Domínguez Vázquez, María José. Membro do grupo de investigación HUMBOLDT, financiado con axuda a Grupos de Potencial Crecemento da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Período: 2020-2023.

Fernández Rei, Elisa e Xilio Sousa Fernández. Colaboradores na rede de investigación estratégica INTELE: INFraestructura de TEcnologías del LEnguaje, coordinada pola Universidade do País Vasco e financiada polo Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades de España (RED2018-102797-E). Período: 2017-2022.

González González, Manuel. Codirector do proxecto *TERMIGAL (Servizo Galego de Terminología Científico-Técnica)*, financiado a través de Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Período: 2020-2021.

López Martínez, María Sol. Directora e IP do proxecto *Corpus de referencia do galego actual (CORGA)*, financiado a través do Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Período: 2020-2021.

Mariño Paz, Ramón. Director do proxecto *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (BILEGA)*, financiado a través de Convenio plurianual de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización dun programa de accións en materia de investigación a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Período: 2020-2021.

Sanmarco Bande, María Teresa. Membro do proxecto LITIAS. *Lingua italiana in territori ispanofoni: analisi storiografica*. Ministero dell'Istruzione, dell'Università e della Ricerca, Progetto PRIN, Bando 2017, Prot. 2017J7H322. IP: Félix San Vicente (Università degli Studi di Bologna). Período: 2019-2022. <http://litias.clirò.unibo.it/wp/wp-content/uploads/2019/11/LITIAS.pdf>

Varela Barreiro, Xavier. Membro do proxecto CODOLGA. *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

ORGANIZACIÓN DE CURSOS, CONFERENCIAS, ENCONTROS LINGÜÍSTICOS E OUTRAS ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN

A. CONFERENCIAS ORGANIZADAS NO ILG

- Clara Lago Caamaño (Instituto da Lingua Galega – USC), “Alimentación e cambio no léxico disponible do galego”, 19/05/2022.
- Xosé Afonso Álvarez Pérez (Universidade de Alcalá de Henares), “Arraianos: documentación da lingua, memorias e cultura da fronteira España-Portugal”, 19/09/2022.
- Craig Willis (European Centre for Minority Issues), “The role of non-speakers in the strategies of Welsh and Scottish Gaelic language television: Reflections for other minority language media broadcasters”, 12/12/2022.

B. CURSOS DE FORMACIÓN

- *Curso de iniciación á transcripción con ELAN*, impartido por Estela Fidalgo Garra (Instituto da Lingua Galega – USC). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 2 de febreiro de 2022. Duración: 2 h.
<https://ilg.usc.gal/gl/novidades/curso-de-iniciacion-transcripcion-con-elan>
- *Curso de transcripción con ELAN*, impartido por Reyes Rodríguez Rodríguez (Instituto da Lingua Galega – USC). Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 23-24 de febreiro e 2-3 de marzo de 2022. Duración: 6 h.
<https://ilg.usc.gal/gl/novidades/curso-de-transcripcion-con-elan>
- *Curso QGIS para lingüistas*, impartido por Xulio Sousa (Instituto da Lingua Galega – USC). Instituto da Lingua Galega, 20, 21, 27 e 28 de abril de 2022. Duración: 10 h.
<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-qgis>
- *Curso de verán da USC Tecnoloxías da Linguaxe: as lingua na sociedade e economías dixitais*, organizado polo Proxecto Nós. Santiago de Compostela: Escola Técnica Superior de Enxeñaría, 12-15 de xullo de 2022. Duración: 28 h.
<https://ilg.usc.gal/gl/actividades/curso-de-veran-tecnoloxias-da-linguaxe-linguas-na-sociedade-e-economia-dixitais>

C. SEMINARIO VIOLENCIA SIMBÓLICA E REPRESIÓN



O Instituto da Lingua Galega organizou o 25 de marzo de 2022 o seminario *Violencia simbólica e represión* sobre o libro *O idioma galego baixo o franquismo*, de Henrique Monteagudo. Contou coa participación de Ramón Villares (Universidade de Santiago de Compostela) e Pere Comellas Casanova (Universidade de Barcelona), así como dos membros do ILG Elisa Fernández Rei, Antón Santamarina e Álex Alonso Nogueira.

Organización: Álex Alonso Nogueira (ILG)

D. SEMINARIOS DE GERARDO SIERRA MARTÍNEZ (UNAM)

O profesor Gerardo Sierra Martínez, da Universidade Nacional Autónoma de México, impartiu tres seminarios, os días 18 e 20 de maio, na Facultade de Filoloxía.

Programa:

- 18 de maio: Corpus y lexicografía (9:30 - 11:30 h e 12:00 - 14:00 h)
- 20 de maio: Lingüística forense (9:30 - 11:30 h)
- 20 de maio: Análisis estilométricos (12:00 - 14:00 h)

Organización: Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades, Instituto da Lingua Galega

E. SEMINARIO SOBRE AS LINGUAS INDÍXENAS DO BRASIL

A profesora visitante no ILG Hellen Picanço Simas, da Universidade Federal do Amazonas, impartiu un seminario sobre as linguas indíxenas do Brasil os días 9 e 10 de novembro de 2022 na Facultade de Filoloxía.

Organización: Henrique Monteagudo (ILG)

F. I XORNADAS VASCO-GALEGAS DE LEXICOGRAFÍA

Do 11 ao 13 de setembro de 2022 tiveron lugar as *I Xornadas Vasco-Galegas de Lexicografía*, en que participaron Adolfo Arejita (Universidade de Deusto), Manuel González (ILG - Universidade de Santiago de Compostela), Amaia Jauregizar, Javier Kalzakorta (Universidade de Deusto), María Dolores Sánchez Palomino (Universidade da Coruña / ILG – Universidade de Santiago de Compostela), Miriam Urkia (Euskaltzaindia) e Laura Uruburu.

Comité organizador: Manuel González González (Centro Ramón Piñeiro para a investigación en Humanidades), Xosé Luís Regueira Fernández (Instituto da Lingua Galega), María Dolores Sánchez Palomino (Universidade da Coruña), Víctor Fernández Freixanes (Presidente da Real Academia Galega), Andrés Urrutia (Presidente de Euskaltzaindia)

Programa: <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/i-xornadas-vasco-galegas-de-lexicografia>

G. LINGÜÍSTICAMENTE II: DIÁLOGOS ENTRE A LINGÜÍSTICA, A PSICOLOXÍA E A PSICOLINGÜÍSTICA

O día 28 de setembro de 2022 tivo lugar na sala de conferencias do ILG un encontro entre lingüistas, psicolingüistas e psicólogos, que contou coas conferencias de Ana Rita Sá-Leite Dias (Universidade de Santiago de Compostela) e María Carmen Parafita Couto (Universidade de Vigo e Leiden University Center for Linguistics).

Organización: Grupos Filoloxía e Lingüística Galega do Instituto da Lingua Galega e Procesos cognitivos e conduta da Facultade de Psicoloxía da USC.

H. I XORNADA SOBRE VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO

A I Xornada sobre *Variación e Cambio Lingüístico* celebrouse o 14 de novembro no salón de graos da Facultade de Filoloxía da USC, organizada polo grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega do ILG da USC e polo Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro. A actividade tivo como obxectivo a promoción e difusión da investigación sobre a variación e o cambio lingüístico nas linguas románicas. Preséntaronse traballos de 8 investigadores e investigadoras e as sesións pecháronse con dúas conferencias de María Antónia Mota (FLUL / CLUL, Universidade de Lisboa) e Gonzalo Águila Escobar (Universidad de Granada).



Comité organizador: Elisa Fernández Rei (ILG - Universidade de Santiago de Compostela), Lurdes de Castro Moutinho (CLLC - Universidade de Aveiro), Xilio C. Sousa Fernández (ILG - Universidade de Santiago de Compostela), Marta Negro Romero (ILG - Universidade de Santiago de Compostela)

Programa: pode consultarse en <http://ilg.usc.es/gl/I-xornada-variacion-cambio>

I. V XORNADAS DE LINGUA E LITERATURA GALEGAS NO ENSINO

As V Xornadas de Lingua e Literatura Galegas no Ensino. *Traballando a competencia discursiva na aula. Novos marcos, ferramentas e estratexias* quixeron ofrecer unha oportunidade para a reflexión sobre a importancia de ensinar a escribir textos na aula e para a proposta de actividades, ferramentas, métodos e estratexias que contribúan a unha mellora da competencia discursiva do alumnado.

Neste marco, reflexionouse sobre a competencia discursiva plurilingüe, con especial atención ao novo escenario que se configura coa última reforma educativa; presentáronse diferentes propostas didácticas en volta do ensino do proceso de escritura; deuse a coñecer o corpus CORTEGAL, *Corpus de textos galegos escritos por estudiantes no ámbito académico*, que inclúe mil textos anotados extraídos da pregunta de comentario das probas de lingua e literatura galegas dos exames ABAU; e debateuse sobre os retos e dificultades que



supón o ensino da competencia discursiva, así como sobre os métodos e estratexias que se poden empregar na aula para lograr mellores resultados.

Comité organizador: María López Sández (Universidade de Santiago de Compostela), María Álvarez de la Granja (ILG – Universidade de Santiago de Compostela), Marta Negro Romero (ILG - Universidade de Santiago de Compostela)

Programa: pode consultarse en <https://ilg.usc.gal/gl/v-xornadas-lingua-literatura-galegas-ensino>

J. SIMPOSIO ILG 2022

O Simposio 2022 do ILG foi concibido como unha volta ao labor filolóxico primordial, o da ecdótica e a edición de textos, mais cunha ollada renovada, sustentada nas novas tecnoloxías promovidas polas Humanidades Dixitais, interdisciplinar e colaborativa. Neste sentido, a edición de 2022 comportou unha novidade con respecto aos vinte e un simposios anteriores do ILG, nos cales, a excepción do encontro de 2017 (*Calen barbas, falen cartas. A escrita en galego na Idade Moderna*), foron sempre aspectos lingüísticos os que se abordaron como eixo temático. Naquela edición, dúas das tres partes do programa estiveron dedicadas á edición, dixital ou non, de textos galegos da Idade Moderna e ao primeiro escritorio-corpus de multiedición na altura (o corpus *Gondomar*). Por tanto, constitúe aquel encontro do ano 2017 o antecedente deste simposio, ao que se lle deu continuidade pondo o foco na edición dixital no período medieval.

Na configuración dos contidos do programa constituíron o núcleo principal as contribucións de especialistas das áreas de Filoloxía Galega e Portuguesa e Historia medieval, que ofreceron un amplio e rico panorama dos proxectos en curso e do potencial presente e futuro na edición dixital de textos galegos e portugueses. Como complemento das anteriores achegas foi necesaria a contextualización do estado actual do labor editorial no marco global das Humanidades Dixitais, polo que nas dúas primeiras sesións do simposio recoñecidos especialistas do ámbito ibérico e internacional achegaron a súa experiencia e logros destacados. O simposio adornouse cunha ollada de recoñecemento e homenaxe ao Dr. Harvey L. Sharrer, Emérito da Universidade de California (Santa Bárbara), cofundador dunha das ferramentas dixitais imprescindíbeis para o estudio e edición do patrimonio textual antigo, a BITAGAP (*Bibliografía de Textos Antigos Galegos e Portugueses*).

Comité organizador:

Dirección: Xavier Varela Barreiro (ILG – Universidade de Santiago de Compostela), Ricardo Pichel (Universidad de Alcalá / ILG – Universidade de Santiago de Compostela)



Secretaría: Miguel García-Fernández (Instituto de Estudios Galegos Padre Sarmiento, CSIC-Xunta de Galicia / ILG – Universidade de Santiago de Compostela)

Programa: pode consultarse en <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/simposio-ilg-2022>

K. XORNADA DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO NÓS

O 23 de maio de 2022 tivo lugar na Cidade da Cultura a xornada de presentación do *Proxecto Nós: o galego na sociedade e economía da intelixencia artificial*, liderado polo CiTIUS e o ILG. Nesta xornada participaron Alberto Bugarín Diz (investigador do CiTIUS), Iria de Dios Flores (investigadora do CiTIUS), Elisa Fernández Rei (investigadora do ILG), Cristina Gallach Figueres (comisionada especial para la Alianza por la Nueva Economía de la Lengua), Paulo Gamallo Otero (investigador do CiTIUS), Manuel González González (investigador do ILG), Carmen Magariños Iglesias (investigadora do ILG), Manuel Palomar Sanz (expresidente da SEPLN), José Ramom Pichel Campos (investigador do CiTIUS), Xosé Luis Regueira Fernández (director do ILG), Germán Rigau i Claramunt (vicedirector de HiTZ), Marta Villegas Montserrat (directora da Unidade Text Mining no BSC, Proyecte Aina) e Adina Ioana Vladu (investigadora do ILG).

Organización: ILG, CiTIUS, AMTEGA e Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia

A ACTIVIDADE DO PERSOAL INVESTIGADOR

A. Conferencias, comunicáns e pósters en congresos e encontros científicos

1. Aguete Cajiao, Alba / Elisa Fernández Rei (2022): “O proceso de redución vocálica en galego: a vogal central”, en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
2. Alonso Nogueira, Álex (2022): “Puentes, rutas trasatlánticas y raíces: trayectorias del exilio gallego”, en *Observatorio del Instituto Cervantes*. Harvard University, Cambridge, MA, abril de 2022.
3. Alonso Nogueira, Álex (2022): “La voz (de la mujer) del pueblo: oralidad, género y nación en los estudios de literatura popular de *La ilustración gallega y asturiana (1879-1882)*”, en *IX Coloquio. La crítica literaria en el siglo XIX*. Barcelona: Universitat de Barcelona, 28 de outubro de 2022.
4. Alonso Nogueira, Álex (2022): “Proceso a Castelao de López Veiga: teatro, censura e a imaxinación política”, en *Teatro galego e resistencia cultural 1936-1973*. A Coruña: Universidade da Coruña, 29 de abril de 2022.
5. Álvarez, Rosario (2022): “A lingua de Florencio: raíces, tradición, universalidade”, no ciclo *Literatura. Lingua. Historia. Arte. Xornadas Florenciófilas*, organizado por As letras de Florencio. Valdeorras: A Rúa / Petín / O Barco de Valdeorras / Rubiá, 18-20 de novembro de 2022 [19/11, O Barco de Valdeorras].
6. Álvarez, Rosario (2022): “Variación léxica e historia cultural: palabras transatlánticas. Conferencia inaugural”, en *VI Congreso Internacional de Dialectología e Sociolingüística*. Mato Grosso do Sul: UFBA. Campo Grande, 7-10 de novembro de 2022.
7. Álvarez, Rosario (2022): “Día Europeo das Linguas”, en *Día Europeo de las Lenguas. Todas las voces la voz: Poesía en español, catalán, euskera, gallego y alemán*. Frankfurt: Instituto Cervantes, 26 de setembro de 2022.
8. Álvarez, Rosario (2022): “Galicia: lingua, cultura, identidade”. Cátedra Galicia-América (UNSAM) / Centro Galicia. Buenos Aires, 19/07/2022 e Centro Galego de Rosario, 16 de xullo de 2022.
9. Álvarez, Rosario (2022): “Doa a doa, dato a dato”, en *Congrés Espais de Frontera a la Península Ibérica*. Barcelona: Universidade de Barcelona, 8-10 de xuño.
10. Álvarez, Rosario (2022): “Florencio Delgado Gurriarán, poeta de Valdeorras”. *Día das Letras Galegas*. Corgomo, 17 de maio de 2022.
11. Álvarez, Rosario (2022): “Alfonso X e a Galizia”. *I re poeti. Convegno Internazionale*. L’Aquila: Org.: Università degli Studi dell’Aquila / Università degli Studi di Roma «Sapienza», 16-18 de marzo de 2022.
12. Álvarez de la Granja, María (2022): “Galego e castelán en contacto. Consecuencias para o léxico galego e vías para a estandarización”. **Conferenciante convidada**. País Vasco: Universidade do País Vasco, 25 de novembro de 2022.
13. Álvarez de la Granja, María (2022): “CORTEGAL: unha nova ferramenta para coñecer e traballar a competencia discursiva”, en *V Xornadas de Lingua e Literatura Galegas no Ensino. Traballando a competencia discursiva na aula. novos marcos, ferramentas e estratexias*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 18-19 de novembro de 2022.

14. Álvarez de la Granja, María / Ernesto González Seoane (2022): “O corpus de textos galegos escritos por estudiantes no ámbito académico (CORTEGAL): aplicacións didácticas”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia), 21-24 de setembro de 2022.
15. Álvarez de la Granja, María / Xulio Sousa (2022): “CORTEGAL. Corpus de textos gallegos escritos por estudiantes en el ámbito académico”, en *III Workshop INTELE*. Madrid, 13-14 de setembro de 2022. [Póster]
16. Álvarez de la Granja, María (2022): “Formas híbridas galego-castelán no Corpus de textos galegos escritos por estudiantes no ámbito académico (CORTEGAL)”, en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
17. Álvarez de la Granja, María (2022): “Las potencialidades didácticas del Corpus de textos galegos escritos por estudiantes no ámbito académico (CORTEGAL) para el desarrollo de la competencia escrita en lengua gallega”, en *CILC2022: XIII Congreso Internacional de Lingüística de Corpus*. Bérgamo: Università degli Studi di Bergamo, 25-28 de maio de 2022.
18. Boullón Agrelo, Ana Isabel (2022): “Toponomasticon Hispaniæ. Presentación do proxecto”, en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
19. Boullón Agrelo, Ana Isabel (2022): “Toponomasticon Hispaniae: planteamiento, objetivos y recursos bibliográficos (con especial atención a Galicia y Portugal)”, **conferencia inaugural** en *1ST Congress Toponomasticon Hispaniae: Interterritoriality and Interdisciplinarity*. Lleida: Universitat de LLeida, 27- 30 de xuño de 2022.
20. Boullón Agrelo, Ana Isabel (2022): **conferencia pronunciada por convite** no Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa para presentar o proxecto *Toponomasticon Hispaniae*. Lisboa, 28 de xaneiro de 2022.
21. Boullón Agrelo, Ana Isabel (2022): “Toponomasticon Hispaniae. Un proyecto integrador para el estudio de la toponomía hispánica”, **conferencia pronunciada por convite** na *Jornada Homenaje a Henrique Knörr. Omenaldi-jardunaldia*. Organización: Euskaltzaindia e Diputación Foral de Álava. Vitoria-Gasteiz, 7 de novembro de 2022.
22. Bugarín Diz, Alberto / Manuel González González (2022): “Contade con Nós, contamos con vós”, en *Xornada de Presentación do Proxecto Nós*. Santiago de Compostela: Cidade da Cultura, 23 de maio de 2022.
23. Carracedo Fraga, Xosé (2022): “Algunas particularidades en la edición de textos gramaticales latinos de la alta Edad Media”, en *VIII Congreso Internacional de Latín Medieval Hispánico*. Valladolid: 12-15 de xullo de 2022.
24. Costa-Carreras, Joan / Carla Amorós-Negre / Henrique Monteagudo Romero / Miren Azkárate (2022): “Estandarología comparada entre lenguas de España: el concepto de estándar en la normativización lingüística académica”, en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
25. De-Dios-Flores, Iria / José Ramom Pichel Campos/ Carmen Magariños Iglesias / Adina Ioana Vladu (2022): “Estado actual e planificación 2022”, en *Xornada de Presentación do Proxecto Nós*. Santiago de Compostela: Cidade da Cultura, 23 de maio de 2022.
26. Domínguez Noya, Eva María / M.^a Sol López Martínez (2022): “A linguaxe non binaria directa (@, a/o, x, *, e) no CORGA: identificación e distribución”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos Estudos Galegos*. Varsovia (Polonia): Facultade de Neofiloloxía de Varsovia, 21-24 de setembro de 2022.

27. Domínguez Noya, Eva María / M.^a Sol López Martínez (2022): “A multiplicidade gráfica existente no CORGA: métodos para o seu recoñecemento automático”, en *Congresso Internacional Mundos en Mudanza*. Aveiro: Universidade de Aveiro, 20-22 de xullo de 2022.
28. Domínguez Noya, Eva María / M.^a Sol López Martínez (2022): “Da invisibilización ó recoñecemento automático das formas con grafías innovadoras en dous corpus lingüísticos de referencia: CORPES e CORGA”, en *I Congreso internacional de estudos queer na Galiza: corpos, xénero e sexualidade*. A Coruña: Universidade da Coruña e IES Rosalía Mera, 11-13 de marzo de 2022.
29. Domínguez Vázquez, María José / Iván Arias Arias / Lola Mosquera Sánchez (2022): “El Máster Erasmus Mundus en Lexicografía: formación interdisciplinar, multilingüe y pluricultural”, en *IX Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 25-27 de maio de 2022.
30. Domínguez Vázquez, María José / Iván Arias Arias (2022): *Seminario Internacional de Enseñanza e Investigación en Lexicografía*. Chile: Pontificia Universidad Católica de Valparaíso, abril de 2022.
31. Dubert García, Francisco (2022): “El gallego, la lengua al final del camino”, en *III Jornadas León, Cuna del Parlamentarismo. Las Llinguas del Caminu, El Caminu de las Llinguas*. León, 9 de setembro de 2022.
32. Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira Fernández (2022): “Se é usada nalguma parte de Galiza, debería estar no diccionario: aproximación ás ideoloxías lingüísticas en Galitwitter”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo Rutas, Expandindo Camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia), 21-24 de setembro de 2022.
33. Fernández Rei, Elisa / Xosé Luís Regueira Fernández (2022): “Abrindo rutas para a lingua galega no campo das tecnoloxías lingüísticas: o Proxecto Nós”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo Rutas, Expandindo Camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia), 21-24 de setembro.
34. Fernández Rei, Elisa / Alba Aguete Cajiao (2022): “Recursos para la investigación en lingüística perceptiva: FOLERPA”, en *III Workshop INTELE*. Madrid, 13-14 de setembro de 2022. [Póster]
35. Fernández Rei, Elisa (2022): “Identidade, contacto lingüístico e mudanza fonolóxica en galego”, **conferencia plenaria de clausura** en *RFP2022 : 19èmes Rencontres du Réseau Français De Phonologie / 19th Meeting of the French Phonology Network*. Porto: Universidade do Porto, 7-9 de xuño de 2022.
36. Fernández Rei, Elisa / Paulo Gamallo Otero (2022): “Orixes e obxectivos do Proxecto Nós”, en *Xornada de Presentación do Proxecto Nós*. Santiago de Compostela: Cidade da Cultura, 23 de maio de 2022.
37. Fernández Rei, Francisco (2022): “A importancia do *Atlas Lingüístico Galego* na estandarización do galego”, **conferencia** en *V Congresso Internacional Redefinindo as Margens desde uma Península Pluricultural: “Variação Linguística e Ideología”*. Varsovia: Instituto de Estudos Ibéricos e Iberoamericanos da Universidade de Varsovia, 17-18 de novembro de 2022.
38. Fernández Rei, Francisco (2022): “A supervivencia das revistas do eido cultural”, na *Xornada realidade e perspectivas de futuro dos medios de comunicación en galego en soporte papel*, organizada pola Sección de Lingua, Literatura e Comunicación do Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2022.
39. Fernández Rei, Francisco (2022): “Ardora e ardentía na fala mariñeira e no galego literario”, na *Xornada cando arde o mar. saberes compartidos*. Muros, 9 de xullo de 2022. Organizada polo Consello da Cultura Galega, o Instituto de Investigacións Mariñas-CSIC e Culturmar.

40. Fernández Rei, Francisco (2022): Relatorio “Florencio Delgado Gurriarán, inquebrantable compromiso coa lingua galega e coa causa de Galicia”, nas xornadas *O mar en terra*. Terreboredosouto (A Estrada), 14-15 de maio de 2022. Organizadas por Maruxío. Galletas de obrador.
41. García Martínez, Pablo (2022): “A memoria do futuro, defensa contra o desaloxo da historia nun exiliado antifascista: Luís Seoane nos anos cincuenta”, en *Memorias literarias e culturais: perspectivas ibéricas e diálogos transatlánticos*. A Coruña: Universidade da Coruña, 6 de outubro de 2022.
42. García Martínez, Pablo (2022): “Un legado dende a dislocación: o Laboratorio de Formas de Galicia”, en *Legados dende a dislocación: Intervencións no presente e imaxinación do futuro nos exilios da Guerra Civil*. Illa de San Simón (Redondela): 16-17 de xuño de 2022.
43. García Mouton, Pilar / Inés Fernández-Ordóñez / María Pilar Perea / João Saramago / Xulio Sousa (2022): “Sobre la edición interactiva del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica (ALPI): problemas, criterios, resultados”, en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
44. González González, Manuel (2022): “O Dicionario histórico e etimolóxico da lingua galega (DHELG): fontes e planta”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo Rutas, Expandindo Camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia), 21-24 de setembro.
45. González González, Manuel / M.ª Dolores Sánchez Palomino (2022): “Presentación do proxecto de *Dicionario Histórico-Etimológico da Lingua Galega*”, en *I Xornadas Vasco-Galegas de Lexicografía*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2022.
46. González González, Manuel (2022): Mesa redonda “As linguas con poucos recursos. Que facer?”, en *Tecnoloxías da Lingua: as linguas na sociedad e economía dixitais*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 12-15 de xullo de 2022.
47. González González, Manuel (2022): “La lexicografía gallega entre la necesidad y la modernidad”, **conferencia plenaria** en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
48. Lago Caamaño, Clara (2022): “Globalización alimentaria e cambio no léxico disponible do galego”, en *II Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos del Noroeste Ibérico*. Oviedo: Universidad de Oviedo, 17 e 18 de novembro.
49. Lago Caamaño, Clara (2022): “Cambio no léxico disponible do galego: os alimentos do mar”, en *I Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 14 de novembro de 2022.
50. Lago Caamaño, Clara (2022): “A nutrición e a saúde no léxico disponible do galego”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo Rutas, Expandindo Camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia): 21-24 de setembro de 2022.
51. Lago Caamaño, Clara (2022): “Alimentación y malestar en el léxico disponible del gallego”, en *Language, Culture and Mind International Conference*. Almería: Universidade de Almería, 4-7 de xullo de 2022.
52. Lago Caamaño, Clara (2022): “O léxico disponible da alimentación en galego: a orixe e a producción dos alimentos”, en *IX Encontro da Mocidade Investigadora*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022.
53. Lago Caamaño, Clara (2022): “El procesamiento de datos en dos muestras comparables de léxico disponible”, en *VII Congreso Internacional de Jóvenes Investigadores. Mundo hispánico: cultura, arte y sociedad*. León: Universidade de León, 4-6 de maio de 2022.
54. Magariños, Carmen / Iria de-Dios-Flores / Adina Ioana Vladu / José Ramom Pichel / John E. Ortega / Elisa Fernández Rei / Pablo Gamallo / Marcos Garcia / Alberto Bugarín / Manuel González González / Senén Barro / Xosé Luís Regueira Fernández (2022): “Proxecto Nós. O

- galego na sociedade e economía da intelixencia artificial”, en *III Workshop INTELE*, Madrid, 13-14 de setembro de 2022. [Póster]
55. Mariño Paz, Ramón / Ricardo Pichel: “*Scriptae* comarcales y *scriptae* de frontera en tres fragmentos jurídicos gallego-leoneses de la Edad Media”, **conferencia por convite** en *Simposio Fuentes para el estudio diacrónico del continuum lingüístico en el noroeste peninsular: temas y problemas*. Salamanca: Universidad de Salamanca, 3-4 de novembro de 2022.
56. Mariño Paz, Ramón (2022): “Retrato humano e intelectual de Fr. Martín Sarmiento”, **conferencia por convite** en Seminario de especialización 250 aniversario de Fr. Martín Sarmiento (1696-1772). Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, 14 de setembro de 2022.
57. Mariño Paz, Ramón (2022): **participación por convite** na mesa redonda “Sobre la documentación de la época de *origenes*”, en *XII Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española*. León: Universidade de León, 16-20 de maio de 2022.
58. Mariño Paz, Ramón (2022): **conferencia por convite** “Galego-portugués, galego e portugués”. Granada: Facultad de Filosofía y Letras da Universidade de Granada, 4 de abril de 2022.
59. Monteagudo, Henrique (2022): “A asimilación lingüística da colectividade galega en Arxentina”, en *XIII Congreso da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo Rutas, Expandindo Caminos. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia): 21-24 de setembro.
60. Monteagudo, Henrique (2022): “Las disputas sobre la autoridad lingüística del idioma gallego entre 1970 y 1983”, panel “La institucionalidad de la lengua”, en *Quinto Congreso Latinoamericano de Glotopolítica*. Montevideo (Uruguay): Facultad de Humanidades y Ciencias de la Educación, Universidad de la República, 25-27 de xullo de 2022.
61. Monteagudo, Henrique (2022): “Medieval Galicia II: Periphery or Center?”, en *57th International Congress of Medieval Studies*. Kalamazoo: The Medieval Institute - Western Michigan University, 9-14 de maio de 2022.
62. Monteagudo, Henrique (2022): “Panel's Introduction: European standard language culture. Comparative standardology in the 21th century theoretical and methodological challenges”, en *11th International Conference on Language Variation in Europe, IClave | 11*. Viena, 11-14 de abril de 2022.
63. Monteagudo, Henrique (2022): “Actitudes da mocidade galegofalante ante o estándar: o castrapo e a súa mutante significación sociolingüística”, no *Simpósio Internacional Regional- und Minderheitensprachen: Reflexionen, Methoden und Strategien zu ihrer Erhaltung und Revitalisierung / Lenguas regionales y minoritarias: Reflexiones, métodos y estrategias para su mantenimiento y revitalización*. Europa-Universität Flensburg, 12-14, maio, 2022.
64. Negro Romero, Marta / Xulio Sousa (2022): “Patrimonio léxico da Gallaecia. Una aplicación para el estudio del léxico dialectal”, en *III Workshop INTELE*. Madrid, 13-14 de setembro de 2022. [Póster]
65. Oliveira, Pedro Guedes de / João Veloso / Elisa Fernández Rei (2022): “Uma primeira abordagem sobre a fonología entoacional do mirandês: as declarativas e interrogativas neutras”, en *Congresso Internacional Mundos em Mudança*. Aveiro: Universidade de Aveiro, 20-22 de xullo de 2022.
66. Oliveira, Pedro Guedes de / João Veloso / Elisa Fernández Rei (2022): “A first approach on the phonology of Mirandese language: the neutral declaratives and interrogatives”, en *RFP2022 : 19èmes Rencontres du Réseau Français de Phonologie / 19th Meeting of the French Phonology Network*. Porto: Universidade do Porto, 7-9 de xuño de 2022.
67. Paniagua Pousa, Cándido / Reyes Rodríguez Rodríguez (2022): “Algunhas propostas didácticas ao redor de CORTEGAL”, en *V Xornadas de Lingua e Literatura Galegas no Ensino. Traballando a competencia discursiva na aula. Novos marcos, ferramentas e estratexias*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 18-19 de novembro de 2022.

68. Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2022): “O Escritorio Galego-Portugués Antigo (EGPA) e a edición dixital da prosa galega medieval: fontes documentais e textos literarios”, en *Simposio ILG 2022*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, do 28 de novembro ao 2 de decembro de 2022.
69. Pichel, Ricardo / Xavier Varela Barreiro (2022): “Corpus y edición digital de textos antiguos gallego-portugueses. CGPA y EGPA: tradición y avances”, en *VI Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas*. Venecia (Italia): Università Ca' Foscari, 5-7 de outubro de 2022.
70. Regueira Fernández, Xosé Luís (2022): “Ideoloxías lingüísticas e redes sociais en galego: estandarización, debates e usos lingüísticos nunha lingua minorizada no contexto da globalización”, en *Congresso Internacional Mundos em Mudança*. Aveiro: Universidade de Aveiro, 20-22 de xullo de 2022.
71. Regueira Fernández, Xosé Luís (2022): participación na mesa redonda “A importancia da Tecnoloxía da Linguaxe na sociedade e na economía”, en *Xornada de Presentación do Proxecto Nós*. Santiago de Compostela: Cidade da Cultura, 23 de maio de 2022.
72. Regueira Fernández, Xosé Luís (2022): “La lengua gallega: paradojas en el proceso de revitalización de una lengua mayoritaria”, en *I Congreso Internacional de Revitalización Lingüística “Shimi Muyuta Tarpushpa”*. Pontificia Universidad Católica de Ecuador (Ibarra), 27-29 de abril de 2022. [en remoto]
73. Santiso Arias, Andrea / Ana Isabel Boullón Agrelo / Xulio Sousa (2022): “Cartografía dos apellidos de Galicia”, en *III Workshop INTELE*. Madrid, 13-14 de setembro de 2022. [Póster]
74. Schierholz, Stefan J. / Monika Bielinska / María José Domínguez Vázquez / Rufus Gouws / Martina Nied Curcio (2022): “The EMLex Dictionary of Lexicography (EMLexDictoL)”, en *XX Euralex International Congress*. Mannheim (Alemaña), 12-16 de xullo de 2022.
75. Sousa Xulio (2022): “Os números na lingua”, **conferenciante convidado** en *Xornada Matemáticas e Lingua..* Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2022.
76. Sousa, Xulio (2022): “La fragmentación lingüística en el norte peninsular: isoglossen, límites y continuidad”, **conferenciante convidado** en *II Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos del Noroeste Ibérico*. Oviedo: Universidad de Oviedo, 17 e 18 de novembro.
77. Sousa, Xulio (2022): “Tempo e espazo: o uso dos atlas lingüísticos na investigación diacrónica do galego”, en *VI Congreso Internacional de Corpus Diacrónicos en Lenguas Iberorrománicas*. Venecia (Italia): Università Ca' Foscari, 5-7 de outubro de 2022.
78. Sousa, Xulio / Nereida Prada Piñeiro (2022): “PDMapping: una aplicación web para el procesado de datos perceptivos”, en *III Workshop INTELE*. Madrid, 13-14 de setembro de 2022. [Póster]
79. Sousa, Xulio (2022): “As variedades dialectais do galego á luz dos datos do Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, en *XXX Congreso Internacional de Lingüística y Filología Románicas*. La Laguna: Universidad de La Laguna, 4-9 de xullo de 2022.
80. Vilavedra, Dolores (2022): “A narrativa galega e as novas diásporas: claves de lectura e desafíos pendentes”, en *Xornada Narrativas da Nova Diáspora Galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 10 de novembro de 2022.
81. Vilavedra, Dolores (2022): “Achegas para unha análise da emigración na narrativa galega, de onte a hoxe”, en *XIII Congreso Da Asociación Internacional de Estudios Galegos. Abrindo rutas, expandindo camiños. Novas perspectivas e interseccións nos estudos galegos*. Varsovia (Polonia), 21-24 de setembro.
82. Vilavedra, Dolores (2022): “Una Galicia otra: posibilidades disidentes en la Galicia post-Prestige”, en *Simposio Novela post-crisis en la España plurilingüe*. Lund (Suecia): Universidade de Lund, 3-4 de xuño de 2022.

83. Vladu, Adina Ioana (2022): “Traducir poesía en tres lenguas”, na mesa redonda “Filosofía, literatura e traducción”. Santiago de Compostela: Mestrado Universitario en Filosofía: Coñecemento e Cidadanía, Facultade de Filosofía, Universidade de Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2022.
84. Vladu, Adina Ioana / Iria de-Dios-Flores / Carmen Magariños / John E. Ortega / José Ramom Pichel / Marcos García / Pablo Gamallo / Elisa Fernández Rei / Alberto Bugarín / Manuel González González / Senén Barro / Xosé Luis Regueira (2022): “Proxecto Nós: Artificial Intelligence at the Service of the Galician Language”, en *XXXVIII Congreso de la Sociedad Española para el Procesamiento del Lenguaje Natural*. A Coruña: Universidade da Coruña, 20-23 de setembro de 2022.

B. Cursos e seminarios

1. Dubert-García, Francisco (2022): “Lingua Galega: Historia, variedades e gramática”, materia no Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo, da USC, 2 créditos, curso 2021-2022.
2. De Dios-Flores, Iria / Adina Ioana Vladu (2022): taller “Recursos lingüísticos e anotación”, dentro do curso de verán da USC *Tecnoloxías da Linguaxe: as linguas na sociedade e economía dixitais*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 12-15 de xullo. Data de impartición: 12 de xullo. Duración: 2 horas.
3. Domínguez Noya, Eva María (2022): “O sistema XIADA”. Seminario sobre o etiquetador-lematizador do galego Xiada, dirixido a alumnado da materia *Tecnoloxías aplicadas ao estudo da lingua galega* do curso 2022-2023. Data de impartición: 1 e 15 decembro de 2022. Duración: 2 horas.
4. Magariños, Carmen / Marta Vázquez Abuín (2022): taller *Tecnoloxías da fala*, dentro do curso de verán da USC *Tecnoloxías da Linguaxe: as linguas na sociedade e economía dixitais*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 12-15 de xullo. Data de impartición: 14 de xullo. Duración: 2,5 horas.
5. Magariños, Carmen: docente do seminario *Falando coas máquinas. As tecnoloxías da fala na sociedade dixital*, organizado pola Facultade de Filoloxía e o Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada no marco do SEFORIN (Seminario de Formación e Innovación para estudiantes de Mestrados da Facultade de Filoloxía). Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 29 de marzo e 5 de abril de 2022.
6. Mariño Paz, Ramón (2022): “Fonética histórica del gallego y del portugués”, en *Fonética histórica comparada de las lenguas iberorrománicas* (Cursos Extraordinarios de la Universidad de Zaragoza). Jaca (Huesca), 14-15 de xullo de 2022.
7. Rodríguez Rodríguez, Reyes (2022): docente da actividade formativa *Mellora do galego na práctica docente* no Programa de Formación Permanente do Profesorado da Universidade de Vigo. Ourense: Facultade de Educación e Traballo Social, do 28 de novembro ao 20 de decembro de 2022. Duración: 10 h.
8. Rodríguez Rodríguez, Reyes (2022): docente do *Curso de Transcripción con ELAN*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 23-24 de febreiro e 2-3 de marzo. Duración: 6 h.
9. Sousa, Xulio (2022): docente do curso *QGIS para lingüistas*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega, 20, 21, 27 e 28 de abril de 2022. Duración: 10 h.
10. Sousa, Xulio (2022): docente nos *Obradoiros TFG/TFM*, organizados na Facultade de Filoloxía da USC coa charla “Iso xa o lin eu en algures: uso de fontes de documentación e plaxio”. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2022.

C. Comités científicos e de redacción de revistas e coleccións

- Álvarez, Rosario. Membro do comité de redacción da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Álvarez, Rosario. Membro do comité científico da revista *Cadernos de Lingua* (Real Academia Galega).
- Álvarez, Rosario. Membro do comité de honor da revista *Verba*.
- Álvarez, Rosario. Membro do conselho editorial da revista *Signum: Estudos da Linguagem*, da UEL (Londrina-Brasil). ISSN 2237-4846, en liña. Programa de Pós-graduação em Estudos da Linguagem da Universidade Estadual de Londrina.
- Álvarez, Rosario. Membro do conselho editorial da revista *Sociodialeto*, da UEMS (Campo Grande-Brasil). ISSN: 2178-1486. Grupo de Pesquisa e Estudos Sociolinguísticos e Dialetológicos - UEMS (GPESD-UEMS)
- Álvarez, Rosario. Membro do consello asesor e científico de *Annuarium Sancti Iacobi*.
- Álvarez, Rosario. Membro do conselho editorial da revista *LaborHistórico* (UFRJ).
- Álvarez, Rosario. Membro do conselho editorial da revista *Guavira Letras* (UFMS).
- Álvarez, Rosario. Membro do comité científico da colección *Gallaeciae Monumenta Historica* do Consello da Cultura Galega.
- Álvarez de la Granja, María. Membro do comité de redacción da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Álvarez de la Granja, María. Membro do comité científico e asesor da revista *Estudios interlingüísticos*.
- Álvarez de la Granja, María. Membro do comité editorial da revista *Phrasis*.
- Álvarez de la Granja, María. Membro do comité de redacción e do comité científico de *Cadernos de fraseoloxía galega* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades).
- Álvarez de la Granja, María. Membro do comité científico da revista *Cadernos de PLE. Estudos Variacionistas e Aplicados em Língua Não Materna* (Universidae de Aveiro).
- Álvarez de la Granja, María. Directora da colección *Limiar*.
- Álvarez de la Granja, María. Membro do comité científico da revista *Cumieira das Letras* (Universidade de Vigo).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Correspondente internacional da *Rivista Italiana di Onomastica* (Società Editrice Romana, Roma).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do consello editorial da revista *LaborHistórico* (UFRJ).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do consello asesor internacional de *Onomàstica. Anuari de la Societat d'Onomàstica* (Barcelona).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do consello de redacción da revista *Cadernos de lingua* (Real Academia Galega).
- Boullón Agrelo, Ana Isabel. Membro do consello de redacción da revista *Vicerexa* (Asociación de Traductores Galegos e Universidade de Vigo).
- Cidrás Escáneo, Francisco Antonio. Membro do comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).

- Cidrás Escáneo, Francisco. Membro do comité asesor da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (USC).
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do comité científico e do gremio avaliador da revista *Linguistisches Treffen in Wrocław* (Polonia).
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do comité científico da revista *Studia Linguistica Acta Universitatis Wratislaviensis* (Polonia).
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do comité de redacción da revista *Babel-AFLAL* (España).
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do consello asesor e gremio avaliador da revista *Deutsche Sprache* (Alemaña).
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do consello editorial da colección *Spanische Akzente* da editorial Peter Lang.
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do consello científico internacional do Leibniz Institut für Deutsche Sprache de Mannheim (Alemaña).
- Domínguez Vázquez, María José. Membro do consello científico internacional Interdisziplinäres Zentrum für Lexikographie, Valenz, Kollokationsforschung. Universität Nürnberg-Erlangen (Alemaña).
- Dubert García, Francisco. Membro do comité de redacción da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Dubert García, Francisco. Membro do comité editorial da colección *Limiar* do Instituto da Lingua Galega.
- Dubert García, Francisco. Codirector de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (USC).
- Fernández Rei, Elisa. Secretaria da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC)
- Fernández Rei, Elisa. Membro do comité científico da revista semestral *L'Idomeneo* dell'Università del Salento (2038-0313, <http://siba-ese.unisalento.it/index.php/idomeneo/index>).
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico da revista *Estudis Romànics* para o período 1921-1926.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité de honra da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (USC).
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico da revista *Cadernos de lingua* (Real Academia Galega).
- Fernández Rei, Francisco. Membro do comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG-USC).
- Fernández Rei, Francisco. Membro do grupo estable de asesores do consello de redacción da revista *Luenga e Fablas* (Consello d'a Fable Aragonesa).
- Fernández Rei, Francisco. Cosecretario do consello de redacción da revista *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico*, desde a súa aparición á actualidade. Do n.º 1 (marzo 1990) ao 104 (decembro 2015) era trimestral, editada pola Fundación Sotelo Blanco, Santiago de Compostela; desde o n.º 105 (agosto 2017) é cuadrienal, editada Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, Santiago de Compostela.
- Fernández Rei, Francisco. Membro do consello de redacción de *Nova Ardentía* (Culturmar-Federación Galega pola Cultura Maríma e Fluvial).
- González González, Manuel. Director da revista *Cadernos de Lingua* (Real Academia Galega)

- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (USC).
- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Estudios de fonética experimental*.
- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Lingue e idiomi d'Italia*.
- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Fonetica și dialectologia*.
- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG-USC).
- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Euskera*.
- González González, Manuel. Membro do comité científico da revista *Estudis romanics*.
- González González, Manuel. Membro do comité de redacción do *Atlas linguistique roman*.
- González González, Manuel. Representante do comité románico no comité de redacción do *Atlas Linguarum Europae*.
- González Seoane, Ernesto. Membro do consello de redacción de *Cadernos de Lingua* (Real Academia Galega)
- González Seoane, Ernesto. Membro do comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Mariño Paz, Ramón. Membro do conselho editorial do periódico semestral en liña *LaborHistórico* (UFRJ) (<https://revistas.ufrj.br/index.php/lh>).
- Mariño Paz, Ramón. Membro do consello asesor dos *Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura)* (Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades – Xunta de Galicia).
- Mariño Paz, Ramón. Membro do grupo de revisores da revista *Lletres Asturianes* (Academia de la Llingua Asturiana).
- Monteagudo, Henrique. Codirector de *Grial. Revista de Cultura Galega*.
- Monteagudo, Henrique. Membro do comité científico de *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Monteagudo, Henrique. Membro do comité de redacción do *Boletín da Real Academia Galega*.
- Monteagudo, Henrique. Membro do comité editorial de *Treballs de Sociolingüística Catalana* (Societat Catalana de Sociolingüística).
- Monteagudo, Henrique. Membro do consello editorial da *Editorial Parábola* (São Paulo).
- Monteagudo, Henrique. Membro do consello editorial da revista *Gragoatá. Revista dos programas de pós-graduação do Instituto de Letras- Universidade Federal Fluminense*. (Niterói / Rio de Janeiro).
- Monteagudo, Henrique. Membro do consello editorial da revista *LaborHistórico* (UFRJ).
- Regueira, Xosé Luís. Membro do comité asesor da revista *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (USC).
- Regueira, Xosé Luís. Membro do comité científico da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Regueira, Xosé Luís. Membro do comité científico da *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana* (RILI).
- Regueira, Xosé Luís. Secretario da revista *Cadernos de Lingua* (Real Academia Galega).
- Sousa, Xulio. Director da revista *Estudos de Lingüística Galega* (ILG – USC).
- Varela Barreiro, Xavier. Membro do comité asesor de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* (USC).
- Varela Barreiro, Xavier. Membro do comité científico da revista *Labor Histórico* (UFRJ).
- Varela Barreiro, Xavier. Membro do comité de redacción da *Revista Galega de Filoloxía*.

Varela Barreiro, Xavier. Membro do comité editorial da colección *Limiar* (ILG-USC).

Vilavedra, Dolores. Membro do consello de redacción da revista *Grial*.

D. Publicacións e recursos dixitais

